

---

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 3 DE XUÑO DE 2011,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se concede a Medalla Castelao.

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en procesos e calidade na industria alimentaria.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en elaboración de produtos alimentarios.

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto de creación da categoría estatutaria de persoal técnico superior e de grao medio en prevención de riscos laborais.
- Decreto de creación da categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista do traballo.

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Decreto polo que se regula o procedemento de recoñecemento e rexistro das organizacións de produtores de leite na Comunidade Autónoma de Galicia.

---

## ACORDOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o inicio do II Plan de avaliación de entidades dependentes da Xunta de Galicia.

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a Sociedade de Medio Ambiente (SOGAMA) á contratación da subministración de gas natural para as instalacións do complexo ambiental de Cerceda, por importe de corenta e nove millóns sesenta e catro mil catrocentos euros (49.064.400,00 euros).

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza administrativamente, se aproba o proxecto de execución e se declara de utilidade pública en concreto a "LAT 132 kv d/c dúplex Magazos-Boimente", no termo municipal de Viveiro (Lugo), promovida por E.On Distribución, SL. Expte.: 012/2007 AT.

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se adscribe o persoal procedente das fundacións de desenvolvemento comarcal ás entidades instrumentais do sector público autonómico competentes en materia de medio rural.
- Acordo polo que se aproba a actualización do Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios forestais de Galicia (PLADIGA).

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe de seguimento da execución do primeiro Plan de Avaliación de Organismos dependentes da Xunta de Galicia.

---

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Informe sobre Plan de Medidas Preventivas contra a Seca.

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a execución dos convenios asinados coa FEGAMP no ano 2010.

---

**ROBERTO TOJEIRO RODRÍGUEZ, LUIS ESPADA, MARÍA DEL CARMEN PORTO, MODESTO SEARA E ANTONIO FERNÁNDEZ DE BUJÁN Y FERNÁNDEZ, MEDALLA CASTELAO 2011****▪ *O Goberno galego aprobou hoxe o decreto polo que se concede esta distinción***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se concede a Medalla Castelao 2011, coa cal a Administración autonómica distingue aqueles galegos e galegas autores dunha obra merecente do recoñecemento do seu pobo en calquera faceta da actividade humana. O decreto aprobado hoxe acorda distinguir o empresario Roberto Tojeiro Rodríguez; o catedrático e ex reitor da Universidade de Vigo, Luís Espada; a doutora e docente da Facultade de Medicina, María del Carmen Porto; o profesor e primeiro secretario do Partido Socialista de Galicia, Modesto Seara; e o xurista e catedrático de Dereito Romano Antonio Fernández de Buján y Fernández.

**Roberto Tojeiro Rodríguez**

Naceu en setembro de 1961 nas Pontes de García Rodríguez. É licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais por ICADE.

É presidente e conselleiro delegado do Grupo GADISA, compañía líder do sector da distribución no noroeste peninsular. Foi un dos principais impulsores dun proxecto clave para a economía galega como é Reganosa. Tamén é presidente e conselleiro delegado do grupo nacional IFA e ocupa postos de alta responsabilidade en consellos de administración de empresas dos máis variados sectores: transporte, forestal, fabricación de taboleiros, servizos, químico, bioquímico, enerxético, inmobiliario, agroalimentario e na corporación Novacaixagalicia.

Desempeña outros cargos como presidente de honra e fundador da Asociación Galega da Empresa Familiar, vicepresidente do Club de Economía de Iñás, membro do Club Empresarial ICADE, único integrante español do CRRRC (The Coca Cola Retailing and Research Council), presidente da Asociación Galega de Supermercados (ASUGA) e membro do Comité Executivo da Asociación Española de Supermercados e Autoservizos (ASEDAS).

Emprendedor, traballador incansable, orgulloso da súa orixe e defensor de innovadoras ideas convertidas en exitosos proxectos empresariais, Roberto Tojeiro Rodríguez tivo na figura do seu pai, don Roberto Tojeiro Díaz, o mellor exemplo como empresario.

**Luís Espada Recarey**

Naceu na Coruña. Doutorouse en Ciencias Químicas pola Universidade de Santiago de Compostela e en Química Aplicada pola Universidade de Manchester. Así mesmo, diplomouse en inglés pola Universidade de Cambrigde.

É catedrático de Enxeñería Química na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais da Universidade de Vigo. Actualmente é profesor emérito da Universidade de Vigo.

Foi vicerreitor na Universidade de Santiago de Compostela e o primeiro reitor da Universidade de Vigo, desempeñando este cargo entre os anos 1989 e 1994. Na actualidade é o presidente do Tribunal de Garantías da Universidade de Vigo.

Luís Espada Recarey ten levado a cabo unha importante actividade investigadora, dirixindo 38 proxectos de investigación, como investigador principal, sobre temas medioambientais. Dirixiu 93 proxectos de fin de carreira en Enxeñería Industrial e Minas. Dirixiu 20 teses doutorais e publicou 35 libros e monografías sobre temáticas relacionadas coa universidade e o desenvolvemento sustentable.

Ten unha fonda relación coa cidade de Vigo, onde reside, sendo recoñecido como vigués distinguido no ano 1991 e concedéndoselle a Medalla da Cidade de Vigo no ano 1995. Na actualidade, e desde o ano 2002, é o Valedor do cidadán do concello de Vigo.

**María del Carmen Porto Vázquez**

Naceu en Santiago de Compostela no ano 1938 e obtivo a licenciatura en Medicina na Universidade de Santiago de Compostela, doutorándose con sobresaliente *cum laude*.

No ano 1964, mediante oposición, foi nomeada médica interna, e no mes de outubro dese mesmo ano foi nomeada médica radioterapeuta. Tamén nese mesmo ano é nomeada profesora axudante de clases prácticas, cargo que deixa en 1967 para pasar a profesora adxunta interina ata 1973. É así a primeira muller que forma parte do claustro da Facultade de Medicina.

En novembro de 1972 é nomeada, por concurso de méritos, xefa do servizo de Radioterapia do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela, do que vén de xubilarse recentemente.

---

Forma parte de diferentes sociedades entre as que cabe sinalar a Sociedade Española de Oncoloxía Radioterápica; Sociedade Española de Investigación sobre Cancro; Asociación Española de Profesores de Radioloxía; Sociedade Galega de Radioloxía; Sociedade Galega de Oncoloxía e a Academia Galega de Cirurxía.

En outubro de 2007 recibiu a medalla de honor da Sociedade Española de Oncoloxía Radioterápica pola súa contribución ao desenvolvemento da radioterapia.

Ademais da súa traxectoria profesional, na que destaca por ser a primeira muller radioterapeuta de España, a primeira muller á fronte dun servizo do Sergas e a primeira profesora da facultade de Medicina que entrou no seu claustro, tamén é coñecida pola súa tenacidade e entusiasmo na loita contra o cancro, e moi especialmente polo seu trato e dedicación aos pacientes.

### **Modesto Seara Vázquez**

Naceu o 11 de setembro de 1931 na vila ourensá de Allariz, onde pasou os seus primeiros anos e realizou os primeiros estudos que continuou no Colexio Labor de Vigo.

En 1950 preparou o ingreso á carreira de Enxeñería Aeronáutica en Madrid, aínda que finalmente cursaría a carreira de Dereito na entón Universidade Central de Madrid, hoxe Universidade Complutense.

Fixo o seu doutorado na Sorbona iniciando a súa tese sobre o dereito do espazo exterior, motivo polo lanzamento en outubro de 1957 do Satélite Sputnik I pola Unión Soviética, que logo foi actualizada no seu primeiro libro, Introducción ao Dereito Internacional Cósmico.

En marzo de 1961 iniciou a súa colaboración coa Universidade Nacional Autónoma de México, tendo unha vida académica moi activa, destacando sobre todo a elaboración, en 1988, dun proxecto para a dita universidade na cidade de Huajuapán de León, na rexión mixteca oaxaqueña ao norte do Estado. Con este proxecto iniciouse un novo modelo de universidade concibido como universidade para o desenvolvemento. Ao final da primeira década do século XXI, o Sistema de Universidades Estatais de Oaxaca conta xa con oito universidades.

Ademais desta importante actividade académica, Modesto Seara Vázquez tamén destaca pola súa actividade política na transición española.

En 1976 incorpórase á vida política nas filas do Partido Socialista Obrero Español, que organiza na provincia de Ourense, e do que se converte no primeiro secretario

---

xeral do Partido Socialista de Galicia-PSOE en 1977. En 1978, como membro do comité federal, participa nas discusións sobre o proxecto de Constitución Española.

Recibiu numerosas distincións, entras as que poden sinalarse a condecoración da Águila Azteca, outorgada polo Goberno de México en 1976; a medalla de ouro de Donají, como cidadán distinguido do municipio de Oaxaca ou o grao de enxeñeiro de montes de honor da Universidade Politécnica de Madrid.

### **Antonio Fernández de Buján y Fernández**

Nado en Lugo en 1953, licenciouse en Dereito pola Universidade Autónoma de Madrid en 1977, e obtivo o doutorado en dereito con sobresaliente *cum laude* por unanimidade. En 1978, foille concedido o premio extraordinario de doutoramento pola súa tese, dirixida por outro galego, o catedrático Pablo Fuenteseca.

Con 29 anos, no ano 1983, Fernández de Buján obtivo a súa primeira cátedra de Dereito Romano na Universidade de Cádiz, e conseguiu tan só sete anos despois, en 1991, a cátedra de Dereito Romano da Universidade Autónoma de Madrid, na que permanece ata a actualidade.

Ao longo da súa traxectoria, levou a cabo unha importante actividade de carácter científico ou profesional. Así, foi director do Departamento de Dereito Privado, Social e Económico da Facultade de Dereito da Universidade Autónoma de Madrid; vogal da Comisión Xeral de Codificación-Ponencia de Xurisdición Voluntaria; vogal da Asociación Española de Derecho Romano ou vogal da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora.

Publicou máis de 10 libros e 150 estudos monográficos de Dereito Romano e Dereito Procesual.

Forma parte dende 1985 da Real Academia de Xurisprudencia e Lexislación e dende 1999 da Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación.

A súa vinculación con Galicia non só é persoal senón tamén profesional. Ademais de colaborar na divulgación do dereito en *La Voz de Galicia*, formou parte dos Consellos de Dirección do Anuario da Facultade de Dereito da UDC e da Revista Galega de Administración Pública (REGAP), e prestou asesoramento tamén á universidade galega como avaliador externo da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

---

## EDUCACIÓN IMPULSA A CALIDADE E INNOVACIÓN DA INDUSTRIA ALIMENTARIA GALEGA A TRAVÉS DE NOVOS CURRÍCULOS DE FP

- ***O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao ciclo de grao superior en procesos e calidade na industria alimentaria e ao de grao medio na elaboración de produtos alimentarios***
- ***Estas ensinanzas permitirán dinamizar os produtos elaborados ao abeiro das denominacións de orixe e as indicacións xeográficas protexidas, favorecendo a súa competitividade***
- ***A actual Consellería leva adaptados un total de 36 currículos ás novas esixencias de perfís profesionais***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á adaptación dos currículos dos ciclos de grao superior en procesos e calidade na industria alimentaria, e de grao medio en elaboración de produtos alimentarios á Lei orgánica de educación (LOE) e á Lei das cualificacións profesionais. Deste xeito a Consellería de Educación contribúe ao impulso da industria alimentaria galega, formando a uns titulados nun perfil profesional que favorecerá a innovación e a competitividade deste sector produtivo de gran importancia para Galicia.

Estes titulados completarán ademais a formación recibida no centro educativo mediante a realización de prácticas en situacións reais de traballo no ámbito produtivo da empresa - a través do módulo de formación en centros de traballo recolle nos devanditos currículos.

Ademais, inclúese formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral, que capacita o alumnado para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais. Con estes dous decretos, a actual consellería leva adaptados xa un total de 36 ás novas esixencias de perfís profesionais.

### **Resposta aos novos retos**

Nun momento no que as industrias alimentarias afrontan o reto de aumentar a súa competitividade ante a internacionalización dos mercados, este sector está a demandar profesionais cualificados, capaces de reorientar os seus procesos produtivos e organizativos cara á unidades especializadas en liñas de produción, incorporando novas tecnoloxías da información e da comunicación, de conservación e envasamento dos alimentos e de automatización dos procesos, ao tempo que implican neste cambio a protección ambiental.



---

O currículo de grao superior en procesos e calidade na industria alimentaria foi elaborado para formar profesionais co devandito perfil, de tal forma que dean resposta ás numerosas empresas que están a demandalo para enfocar as súas actividades á produción e á potenciación de produtos galegos de calidade, asociados a denominacións de orixe, ou identificacións xeográficas protexidas, sempre mantendo un espírito innovador. Ademais, os estudantes deste ciclo adquirirán competencias na comercialización a través de redes alternativas de venda (internet e tendas especializadas) e outras canles, cuestións fundamentais no mundo globalizado.

Do mesmo xeito o currículo do ciclo de grao medio en elaboración de produtos alimentarios dá resposta ás necesidades da industria agroalimentaria, que está a demandar profesionais cualificados para poder mudar os seus procesos produtivos e organizativos e basealos en unidades especializadas de liñas de produción.

Ademais os estudantes deste ciclo adquirirán competencias en aspectos cruciais para a automatización destes procesos, como son a incorporación das novas tecnoloxías da información e a comunicación e a aplicación da nova normativa de seguridade alimentaria e rastrexabilidade. O currículo incide tamén nunha maior sensibilización canto á seguridade e á hixiene laboral, na aplicación da normativa de protección ambiental e na das normativas de cada sector específico (produtos cárnicos, produtos vexetais, produtos da pesca e acuicultura, e produtos lácteos).

Con estes novos currículos, a Consellería de Educación está a favorecer o desenvolvemento do sector, proporcionando ás empresas profesionais cualificados para afrontar os novos desafíos aos que se enfrontan. Ao tempo a formación recibida, adaptada ás esixencias do mercado laboral actual, contribúe á inserción laboral dos titulados nestas ensinanzas.

---

## **O SERGAS CREA AS CATEGORÍAS DE PERSOAL TÉCNICO SUPERIOR E DE GRAO MEDIO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E A DE PERSOAL ENFERMEIRO ESPECIALISTA DO TRABALLO**

O Consello da Xunta, reunido no día de hoxe vén de aprobar dous decretos referidos ao eido sanitario. O primeiro deles refírese á creación, dentro do Servizo Galego de Saúde, das categorías estatutarias de persoal técnico superior e de grao medio en prevención de riscos laborais. O segundo decreto establece a creación, tamén dentro do Sergas, da categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista do traballo.

Respecto do primeiro decreto, créanse as categorías de persoal técnico superior e de grao medio en prevención de riscos laborais, regularizando a situación do persoal que leva a cabo estas funcións nos centros hospitalarios. A necesidade de creación destas categorías vén dada polo desenvolvemento actual do servizo de prevención de riscos laborais existente no Sergas.

Establécese, nesta norma, o réxime xurídico, o acceso ás prazas que se convoquen, así como as funcións que teñen que realizar. Igualmente, regularízase a situación do persoal que, neste momento, está prestando as funcións de contido similar ás que se requiren para estes técnicos.

Así mesmo, tamén no Consello de hoxe, se aprobou outro Decreto polo que se crea a categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista do traballo no Sergas, regularizando así a situación do persoal que desenvolve estas funcións nos centros hospitalarios.

Corresponde ao persoal da categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista do traballo exercer, en materia de avaliación de riscos e desenvolvemento da actividade preventiva nas institucións sanitarias do Sergas, as funcións inherentes ás competencias profesionais especificadas no programa de formación da especialidade aprobado consonte a normativa regulamentadora das profesións sanitarias e, particularmente, as funcións de vixilancia e control da saúde.

O persoal destas novas categorías estenderá o seu ámbito de actuación aos niveis de atención primaria e especializada, e colaborarán, dentro do ámbito das súas competencias, no estudo da posible relación entre a enfermidade do persoal e as súas ausencias do traballo por motivos de saúde, coas condicións do propio traballo desenvolvido, de xeito que se poidan adoptar as medidas que procedan no ámbito da prevención.

---

A creación destas categorías regula a situación existente neste campo, fixando os requisitos necesarios para poder acceder a elas, e establecendo as condicións necesarias para a vinculación fixa coa institución. Neste sentido, esta creación repercutirá na cidadanía de forma positiva, xa que o Sergas ordena adecuadamente e de forma eficaz os recursos humanos neste punto, para atender ao fin que lle é propio, a atención sanitaria.

---

## A XUNTA REXISTRARÁ AS ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES DE LEITE QUE INTEGREN UN MÍNIMO DE MIL EXPLOTACIÓNS

- *O obxectivo do departamento que dirixe Juárez é adiantarse e que as organizacións de produtores galegas estean en condicións de mellorar a posición negociadora dos gandeiros para cando se produza a modificación da normativa europea*

O Goberno Galego aprobou o Decreto polo que se regula o procedemento de recoñecemento e rexistro das organizacións de produtores (OP) de leite en Galicia que integren un mínimo de 1.000 explotacións. Con esta norma, a Xunta busca mellorar a posición negociadora dos gandeiros, sobre as relacións contractuais no sector lácteo.

A Xunta aposta, nesta materia, por OP máis fortes e nas que participen o maior número posible de socios, cara a gañar en capacidade negociadora. A filosofía sería “cantas menos e máis fortes, mellor”, en palabras do propio conselleiro Samuel Juárez.

Tal e como se explica na exposición de motivos, a razón deste decreto é establecer o procedemento para o recoñecemento e rexistro das organizacións de produtores de leite e as súas asociacións que radiquen na nosa comunidade, coa dimensión e capacidade de concentración da oferta suficiente para, entre outros fins, equilibrar a negociación entre produtores e compradores de leite. O obxectivo do departamento que dirixe Samuel Juárez é adiantarse e que as OP galegas estean en condicións de exercer as súas funcións para cando se produza a modificación do Regulamento (CE) nº 1234/2007 do Consello do 22 de outubro, no que atinxe ás relacións contractuais no sector do leite e dos produtos lácteos, prevista no Real decreto 460/2011.

Na norma aprobada hoxe polo Consello estableceuse que poderán ser recoñecidas como organizacións de produtores de leite todas aquelas entidades con personalidade xurídica propia, constituídas exclusivamente por produtores, que o soliciten e cumpran co obxectivo de concentrar a oferta e levar a cabo a comercialización da produción dos seus membros. Ademais, deberán cumprir, polo menos, unha das seguintes finalidades: adecuar a produción á demanda, no referente á calidade e á cantidade; optimizar os custos de produción; proporcionar o asesoramento ou servizos de substitución aos seus socios ou levar a cabo actividades que supoñan a preservación do medio ou da biodiversidade, a mellor xestión da auga ou a utilización de enerxías renovables.

### Producción mínima

---

Outras das condicións que se establecen no decreto é a de que as organizacións acaden unha produción comercializable anual mínima e un número de produtores que se fixa na propia norma, que se creen por iniciativa dos produtores e que os socios se adhiran por un período mínimo de tres anos.

O ente competente en canto á inscrición no rexistro destas organizacións será o *Fondo Galego de Garantía Agraria* (Fogga), órgano autónomo de carácter comercial e financeiro adscrito á Consellería do Medio Rural.

---

## A XUNTA COMPLETA A EXTINCIÓN DE 42 ORGANISMOS INCLUÍDOS NO PLAN DE RACIONALIZACIÓN E PON EN MARCHA A SEGUNDA FASE

- *O aforro duplica o estimado inicialmente e ronda os 21 millóns de euros*
- *Galicia foi pioneira en apostar polo adelgazamento da Administración paralela*
- *O II Plan de racionalización analizará outros 52 entes para buscar máis eficacia*

O Consello da Xunta analizou hoxe o cuarto informe trimestral de seguimento da execución do Plan de racionalización dos organismos dependentes do Goberno galego, onde se destaca que, un ano despois da súa posta en marcha, se completou a eliminación dos 42 organismos que tiñan orde de extinción e se duplicou o aforro estimado inicialmente, chegando aos 20,9 millóns de euros.

Boa parte do aforro, ata o 60 por cento, provén dos 42 entes eliminados e dos outros 6 nos que se afrontou unha reestruturación, aínda que é de destacar que o outro 40 por cento –máis de 8 millóns de euros- provén das melloras introducidas nos outros 16 organismos avaliados nos que o plan apostaba pola súa continuidade, introducindo cambios para buscar unha maior eficacia e eficiencia.

Precisamente na procura desa maior eficacia e eficiencia na Administración paralela, o Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á posta en marcha da segunda fase do Plan de Racionalización dos Organismos dependentes, unha vez está xa ultimada a primeira fase. Un proceso de avaliación no que Galicia foi pioneira, converténdose na primeira Administración do Estado en abordar un proceso integral de adelgazamento e racionalización da chamada Administración paralela.

Todo iso a través dun plan cuxa execución se iniciou en abril de 2010, que está a permitir evitar duplicidades, gañar eficiencia e eficacia e adecuar a dimensión e contidos da Administración galega ás necesidades actuais. Uns obxectivos que tamén persegue a segunda fase do plan, na que se avaliarán outros 52 organismos, da chamada Administración paralela, para concluír, se é preciso o seu mantemento, a súa reformulación ou á súa extinción.

Os organismos que se van analizar nesta segunda fase son o Consorcio Galicia 2005 'Volta ao mundo a vela'; os consorcios comarcais de servizos contra incendios do Carballiño-Ribeiro, A Limia, Valdeorras, Verín, Morrazo, Salnés, Baixo Miño, Condado e Louriña e Deza e Tabeirós; a Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp); a Escola Galega de Administración Pública (Egap); o Instituto Galego de Cooperación Iberoamericana (IGACI); A Fundación Galicia Europa; o Consorcio Centro de Extensión

---

Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) e os Xestur da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Tamén se analizarán nesta quenda a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada; Expourense; a Fundación Feiras e Exposicións de Lugo; a Fundación Feiras e Exposicións para o desenvolvemento de Galicia (Fexdega); a Fundación Instituto Feiral da Coruña (Ifeco); a Fundación Instituto Feiral de Vigo (Ifevi); o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA); o Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia (CEEI Galicia); Galicia Calidade; o Centro Oncolóxico de Galicia; a Fundación Galega de Medicina Xenómica; e as fundacións públicas Centro de Transfusións de Galicia, Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS) e Urgencia Sanitaria 061; Instituto Galego de Oftalmoloxía; e Galaria, empresa Pública de Servizos Sanitarios.

Así mesmo, a Xestión Plan Xacobeo SA; a Fundación Cidade da Cultura; o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA); a Fundación Centro tecnolóxico da Carne; o Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA); a Xenética Fontao; o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (INTECMAR), a Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR) e Portos de Galicia, tamén serán obxecto de análise.

Por último, o Plan tamén avaliará o Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI); a Estación de Inverno de Manzaneda; a Fundación Centro Tecnolóxico Téxtil; a Fundación Centro Galego do Plástico; os cursos internacionais Universidade Santiago de Compostela; o Centro Galego de Arte Contemporánea; o Consello de Xuventude de Galicia; a Fundación Escola Agrícola Pedro Murias e a Fundación Mar de Galicia.

### **Balanzo primeira fase**

En canto aos entes incluídos na primeira fase do plan, procedeuse xa á extinción do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller; da Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento, das 34 fundacións comarcais, da Fundación Milenio; da Fundación Centro Superior Cinexético e Piscícola; da Axencia Humanitaria de Galicia; da Fundación Galega para a Prevención de Riscos Laborais; e da Fundación Galicia Emigración.

No caso do último que quedaba por suprimir, a Sociedade Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense S.A., autorizouse no Consello da Xunta do pasado 31 de marzo a súa absorción pola Sociedade Pública de Investimentos, estando prevista que a súa refundición neste organismo sexa plenamente efectiva este mesmo mes, coa inscrición da Escritura Pública no Rexistro Mercantil.

### **Reformulación e mellora**

---

En canto ao resto de organismos, todo está ultimado para que o Consello da Xunta proceda á disolución do Bantegal e a asunción das súas competencias por parte de Agader; xa se teñen completados os trámites para que se poida completar a fusión por absorción da Fundación Centro Tecnolóxico Lácteo de Galicia (CETIL) no Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo (CETAL); e formalizouse a separación da Xunta de Galicia da Sociedade Galega de Servizos Sociais (Sogaserso), mediante a venda ante notario das accións do Executivo galego na dita sociedade.

Finalmente, os organismos sometidos a procesos de reordenación son os que, pola súa estrutura e competencias, ofrecen unha maior complexidade, de tal xeito que as actuacións a levar a cabo neles se estenderán máis alá de 2011, tal e como estaba xa previsto no plan. Trátase da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia e do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.



---

## SOGAMA CONTRATA A SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL CO FIN DE GARANTIR O ADECUADO FUNCIONAMENTO DO SEU COMPLEXO AMBIENTAL DE CERCEDA

- *Trátase dun elemento imprescindible para o tratamento dos residuos urbanos recepcionados no Complexo Ambiental de Cerceda, na Coruña, toda vez que abastece os motores da planta de coxeración, onde se xera enerxía para o propio autoconsumo das instalacións*
- *O contrato, establecido por un período de tres anos, prorrogable ata catro, ascende a máis de 49 millóns de euros e considera un consumo anual estimado entre 420.000.000 e 475.000.000 de KWh*
- *O prezo unitario máximo de licitación establécese en 3,3 céntimos/KWh, cunha revisión trimestral de acordo á evolución de variables tales como o cambio ou paridade do dólar e do euro, así como a cotización do barril de cru*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a contratación por parte da Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama, ente autonómico adscrito á Consellería de Medio Ambiente) da subministración de gas natural para o seu Complexo Ambiental de Cerceda, onde se centraliza unha gran parte dos residuos urbanos producidos no territorio galego por un importe de 49.064.400 euros. O contrato ten unha duración de tres anos, prorrogable ata un máximo de catro (do 2011 ao 2014).

O gas natural constitúe un elemento imprescindible para a xestión e tratamento das aproximadamente 500.000 toneladas de refugallos recepcionados anualmente no Complexo cercedense, núcleo da infraestrutura industrial de Sogama, toda vez que alimenta os seis motores da planta de coxeración, cuxa calor residual é aproveitada para o secado da fracción fina (inferior a 12 cm) do lixo non reciclable, ao tempo que serve como elemento auxiliar na planta termoeléctrica, onde se leva a cabo a valorización enerxética do Combustible Derivado de Residuos (CDR) producido na fase anterior, xerando enerxía eléctrica abondo para abastecer 100.000 vivendas.

O ramal de gas propiedade desta empresa pública, cualificado como de "Alta presión B", conta cunha lonxitude aproximada de 11 quilómetros e ten a súa orixe no municipio coruñés de Abegondo, discorrendo polas localidades de Mesía, Ordes e Cerceda.

Cun consumo anual situado no intervalo de 420.000.000-475.000.000 KWh, a subministración deste combustible, cuxas características (poder calorífico inferior, poder calorífico superior, presión de garantía, composición, etc), deben axustarse ás requiridas pola lexislación vixente, realizarase as 24 horas do día durante todo o ano,

---

atendendo ás necesidades das instalacións de Sogama en cada momento, tendo en conta que a cantidade diaria máxima que se vai contratar se establece en 1.800.000 KWh.

**Prezos**

Dado que nos prezos do gas interveñen unha serie de condicionantes de evolución impredecible, para a estimación do importe do contrato tivéronse en conta variables tales como o cambio ou paridade do dólar e euro, así como a media semestral da cotización do barril de cru, establecendo un importe unitario máximo de licitación en 3,3 c€/KWh. Polo tanto, a revisión de importes realizarase de forma trimestral de acordo á situación dos parámetros que interveñen na fórmula ofertada.

No caso de que as instalacións do Complexo sufran unha perda de capacidade ou produción derivada dunha falta de subministración ou deficiencias no prazo de entrega, repercutirase ao adxudicatario, en concepto de lucro cesante, a cantidade de 6.000 euros por cada hora na que calquera das plantas da entidade tivese que cesar a súa actividade.

---

## A XUNTA AUTORIZA E APROBA O PROXECTO DA LAT 132 KV DÚPLEX MAGAZOS-BOIMENTE PARA MELLORAR A SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA A 45.000 FAMILIAS

- *A liña terá dobre dirección para garantir unha mellora da calidade e unha mellor subministración, e terá un tramo soterrado de 290 metros e un tramo aéreo de 7,8 quilómetros, ademais de contar cun orzamento por parte de empresa promotora de 2,6 millóns de euros*
- *Un dos obxectivos fundamentais do Goberno de Galicia é potenciar as infraestruturas de subministración de enerxía eléctrica especialmente en zonas onde cómpre mellorar a calidade deste servizo, contribuíndo ao desenvolvemento económico destes territorios, así como á integración e equilibrio territorial, e á mellora das condicións de vida dos galegos*

O consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe á autorización administrativa, á aprobación do proxecto de execución e á declaración de utilidade pública da Liña de Alta Tensión 132 kv dúplex Magazos-Boimente, non concello lugués de Viveiro, para mellorar a calidade da subministración eléctrica de 45.000 fogares.

A liña terá dobre dirección para garantir unha mellora da calidade e unha mellor subministración, e terá un tramo soterrado de 290 metros e un tramo aéreo de 7,8 quilómetros, ademais de contar cun orzamento por parte de empresa promotora de 2,6 millóns de euros.

Un dos obxectivos fundamentais do Goberno de Galicia é potenciar as infraestruturas de subministración de enerxía eléctrica especialmente en zonas onde cómpre mellorar a calidade deste servizo, contribuíndo ao desenvolvemento económico destes territorios, así como á integración e equilibrio territorial e á mellora das condicións de vida dos galegos.

Neste eido enmárcase o recentemente asinado convenio de colaboración para a mellora da calidade da subministración eléctrica coas empresas distribuidoras de enerxía que operan en Galicia, e que mobilizará investimentos por 5,8 millóns de euros nas obras de mellora, primando os investimentos realizados polas pequenas e medianas empresas do sector, cunha subvención de até o 30% das obras realizadas, polas grandes empresas e do 40%, no caso das pemes.

O convenio de calidade da subministración eléctrica 2011, deseñado polo Goberno Galego, desenvólvese ao abeiro do Plan de 4 anos de vixencia (2010-2013) destinado á mellora da subministración eléctrica na Comunidade Autónoma de Galicia.

---

Este programa permite a mellora das instalacións de distribución de enerxía eléctrica e a atención da demanda enerxética de particulares e empresas, co obxectivo último de contribuír ao equilibrio territorial e desenvolvemento económico, de todo o territorio. De xeito que neste ano, 48 concellos e máis de 400.000 galegos beneficiaranse directamente desta iniciativa .

---

## O CONSELLO ADSCRIBE AO PERSOAL DAS FUNDACIÓNS COMARCAIS EN ENTES DE MEDIO RURAL, EN EXECUCIÓN DO PLAN DE AVALIACIÓN DE ORGANISMOS DEPENDENTES

- *A medida enmárcase no cumprimento da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, a través da cal o Consello da Xunta autorizou o pasado 13 de xaneiro a extinción das fundacións comarcais*
- *Esta lei posibilita que o persoal laboral indefinido -que fose seleccionado baixo os principios de publicidade, mérito e capacidade- se adscriba a entidades instrumentais do sector público autonómico competentes en materia de medio rural*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se adscribe provisionalmente ao persoal procedente das fundacións de desenvolvemento comarcal ás entidades instrumentais do sector público autonómico competentes en materia de medio rural.

A medida enmárcase no cumprimento da *Lei 15/2010*, do 28 de decembro, de *medidas fiscais e administrativas*, a través da cal o Consello da Xunta autorizou o pasado 13 de xaneiro a extinción das fundacións para o desenvolvemento das comarcas. Esta lei posibilita que o persoal laboral indefinido -que fose seleccionado baixo os principios de publicidade, mérito e capacidade- se integre nas entidades instrumentais do sector público autonómico competentes en materia de medio rural.

Esta acción contéplase dentro das actuacións para a execución do Plan de Avaliación de Organismos dependentes da Xunta de Galicia aprobado en abril do pasado ano 2010. A medida adóptase dentro dunha situación actual de austeridade e supón un aforro anual de máis de 400.000 euros.

### **Fundacións comarcais**

As Fundacións comarcais foron creadas no ano 1990 para lograr a aplicación do plan comarcal, estas tarefas poden realizarse actualmente dende outros departamentos da Xunta, sen a necesidade de ter estes organismos de dedicación exclusiva. De xeito, os programas europeos (LEADER e PRODER) e outras estratexias de desenvolvemento rural están sendo xestionados e coordinados pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), ente adscrito á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

---

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE GALICIA PARA ESTE ANO 2011

- *O obxectivo xeral do Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia de 2011 é reducir ao mínimo posible os danos ecolóxicos, económicos e sociais producidos polos lumes forestais na nosa Comunidade*
- *Está prevista a mobilización de 6.052 persoas en tempada de máximo risco e o emprego de preto de 40 medios aéreos e uns 300 en terra*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (Pladiga) para este ano 2011. O Pladiga apróbase todos os anos por estas datas, antes da tempada de maior risco de incendios (entre o 1 de xullo e o 30 de setembro).

Tal e como establece a normativa vixente, esta aprobación realízase de xeito definitivo no Consello da Xunta despois de que a Consellería do Medio Rural avaliasse o Pladiga no Consello Forestal de Galicia, órgano consultivo e asesor da Administración Forestal no que están representados, ademais da Xunta, produtores, industria, Fegamp e diferentes organizacións agrarias e conservacionistas. O orzamento que o Goberno galego puxo á disposición da Dirección Xeral de Montes para a execución das súas competencias acada os 104 millóns de euros.

O departamento que dirixe Samuel Juárez marcou o obxectivo xeral deste plan en reducir ao mínimo posible os danos ecolóxicos, económicos e sociais producidos polos lumes forestais na nosa Comunidade Autónoma. Ademais, mantéñense practicamente os obxectivos complementarios establecidos o pasado ano, no sentido de non superar a media de 3 hectáreas de superficie afectada por lume e, en canto ao tamaño dos incendios, manter o número dos maiores de 25 hectáreas por baixo do 2% do total e a porcentaxe daqueles menores de 1 hectárea por riba do 70% do total. Todo isto mantendo tamén o obxectivo de reducir o número de lumes e a superficie queimada total con respecto da media dos últimos dez. No Pladiga 2011 está prevista a mobilización de 6.052 persoas en tempada de máximo risco. Os medios aéreos este verán serán 39, entre os propios da Xunta e os que achega o Estado e os diferentes corpos e forzas de Seguridade, aos que cómpre engadir outros medios do Exército de dispoñibilidade compartida con outras comunidades autónomas.

En terra, o Pladiga 2011 recolle uns 300 medios de loita contra o lume, entre os que cabe salientar as 156 motobombas do SPDCIF (Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais) da Xunta. O Pladiga estará vixente ao longo de todo o

---

ano 2011, con especial incidencia na época de maior risco (xullo-setembro) e ata a aprobación dun novo Pladiga en 2012.

**Novidades**

Entre as principais novidades deste ano está o emprego de avións lixeiros para tarefas de coordinación, a mellora do Índice de Risco Diario de Incendio (Irdi), o levantamento con GPS do perímetro de todos os lumes e a utilización, en probas, dun novo aditivo para mellorar a eficacia da auga na extinción.

---

## A XUNTA DESEÑA UN PLAN CONTRA A SECA BASEADO NA PREVENCIÓN, O USO RACIONAL E EFICIENTE DA AUGA E A CONCIENCIACIÓN CIDADÁ PARA GARANTIR O ABASTECIMENTO ESTE VERÁN

- *Recóllense diversas medidas e un decálogo de boas prácticas para loitar contra os efectos da primavera máis cálida e seca dos últimos 50 anos*
- *Aínda que a situación non supón un risco inmediato de desabastecemento, xa que as reservas deben de ser suficientes para a subministración de auga potable ata o final do verán e a chegada das chuvias de outono, é necesario moderar o uso da auga*
- *Modificarase o réxime de caudais ecolóxicos dos encoros de abastecemento, axustando o caudal de saída ao natural do río*

O Consello da Xunta foi informado na súa reunión desta mañá do Plan de Medidas Preventivas ante a situación de seca que está a rexistrarse en Galicia, elaborado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para garantir o abastecemento á totalidade dos núcleos galegos durante o verán.

O departamento que dirixe Agustín Hernández deseñou un plan nos que se recollen diversas medidas e un decálogo de boas prácticas para loitar contra os efectos da primavera máis cálida e seca dos últimos 50 anos.

Estas medidas están distribuídas en tres bloques de actuación de diferenciadas en función da súa posta en práctica. Así, establécese un paquete de medidas preventivas para poñer en marcha de inmediato; medidas para informar e concienciar a poboación co obxectivo de reducir a demanda de auga; e un Plan de Protección Civil que ten como obxectivo garantir a coordinación das diferentes administracións no caso de que sexa necesario activar algún tipo de alerta.

A Xunta tomou a decisión de deseñar este Plan debido á situación actual que se rexistra en Galicia, caracterizada polo feito de que os ríos e os encoros presentan uns caudais máis baixos do habitual como consecuencia das condicións meteorolóxicas da primavera que, segundo os datos da rede de estacións de Meteogalicia, está a ser a máis cálida e seca dende 1961.

A pesar disto, tal e como explicou esta mesma semana o conselleiro de Medio Ambiente, Agustín Hernández, a situación non fai prever que os grandes sistemas de abastecemento teñan problemas, grazas a uns niveis de reserva que nestes momentos garanten a subministración de auga durante o verán. Non obstante, a Xunta activou un seguimento especial da situación da bacía Galicia-Costa a través




dos 47 puntos de control que Augas de Galicia ten situados nos ríos e encoros de competencia autonómica.

### Situación actual dos ríos e encoros

Dos datos que manexa Augas de Galicia despréndese que co nivel actual dos encoros, o abastecemento de auga ás grandes poboacións galegas está garantido para superar o verán, aínda que é necesario reforzar as mensaxes de moderación na demanda de auga e uso responsable desta ante un escenario de retraso da chegada do período húmido do ano hidrolóxico.

Así, os encoros de abastecemento están ao 91% fronte ao 99% do pasado ano. Chama a atención o baixo nivel de ocupación dos encoros máis pequenos e cunha pequena bacía de achega: Bahiña (ao 44% cando no 2010 estaba ao 100%) e o Con (co 65% comparado co 96 % de 2010). Non entanto, Eiras (sistema de Vigo) ten unha ocupación do 96 %, Forcadas (Ferrol) do 100 % e Cecebre (A Coruña), do 90%.



<u>POBOACIÓN</u>	<u>SISTEMA ABASTECIMENTO</u>	<u>MÁXIMA CAPACIDADE DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO</u>
<u>A CORUÑA</u>	ENCORO DE <u>CECEBRE</u> CAPACIDADE ÚTIL: 18 Hm <sup>3</sup>	A capacidade do encoro é suficiente para o abastecemento durante 6 meses sen choiva
<u>BAIONA</u>	ENCORO DE <u>BAIONA</u> CAPACIDADE ÚTIL: 0,5 Hm <sup>3</sup>	A capacidade do encoro é suficiente para o abastecemento durante 3 meses sen choiva, e pode abastecerse suplementariamente do encoro de Zamáns.
<u>COMARCA DO SALNÉS</u>	ENCORO DE <u>CALDAS DE REIS</u> CAPACIDADE ÚTIL: 5,91 Hm <sup>3</sup>	A capacidade do encoro é suficiente para o abastecemento da comarca durante 6 meses sen choiva.
<u>FERROL</u>	ENCORO DE <u>FORCADAS</u> CAPACIDADE ÚTIL: 10,7 Hm <sup>3</sup>	A capacidade do encoro é suficiente para o abastecemento durante 4 meses sen choiva
<u>LUGO</u>	AZUD PARA BOMBEO DENDE O RÍO <u>MIÑO</u>	A entidade do río Miño garante o abastecemento en caso de seca.
<u>OURENSE</u>	ENCORO DE <u>CACHAMUIÑA</u> CAPACIDADE ÚTIL: 2 Hm <sup>3</sup> BOMBEO DENDE O RÍO MIÑO	O encoro só serve para o abastecemento por gravidade (sen custo enerxético) durante o outono, inverno e primavera. Durante o estiaxe é necesario reforzar o abastecemento co bombeo do Miño. A entidade do Miño garante o abastecemento en caso de seca.
<u>PONTEVEDRA</u>	ENCORO DE <u>PONTILLÓN DE CASTRO</u> CAPACIDADE ÚTIL: 1,4 Hm <sup>3</sup> BOMBEO DENDE O RÍO LÉREZ	O encoro só serve para o abastecemento por gravidade (sen custo enerxético) durante o outono, inverno e primavera. Durante o estiaxe é necesario reforzar o abastecemento co bombeo do Lérez. A entidade do río Lérez garante o suministro urbano en caso de seca pero non o industrial (ENCE).
<u>SANTIAGO DE COMPOSTELA</u>	BOMBEO DENDE O RÍO <u>TAMBRE</u>	A entidade do río Tambre garante o abastecemento en caso de seca.
<u>VIGO</u>	ENCORO DE <u>EIRAS</u> CAPACIDADE ÚTIL: 21 Hm <sup>3</sup> ENCORO DE <u>ZAMÁNS</u> CAPACIDADE ÚTIL: 2 Hm <sup>3</sup>	A capacidade dos encoros é suficiente para o abastecemento durante 7 meses sen choiva

### Medidas preventivas

A pesar de que a situación non supón un risco inmediato de desabastecemento, as reservas deben de ser suficientes para a subministración de auga potable ata o final do verán e a chegada das chuvias de outono. Por iso, estanse a adoptar xa medidas preventivas, que deben de ter correspondencia nun comportamento responsable de cada un dos galegos no consumo de auga. Finalmente, en caso de que se constate que a tendencia do recurso é preocupante, activaríase o Plan de Protección Civil ante situacións de seca.

### Medidas inmediatas

De modo preventivo, e ante a situación constatada de seca, a Xunta adoptará medidas inmediatas que garantan unha xestión rigorosa dos recursos dispoñibles, promovendo o aforro de auga en todos os sectores, en especial por parte de concellos e entidades subministradoras. As medidas inmediatas son as seguintes:

- **Modificarase o réxime de caudais ecolóxicos dos encoros de abastecemento**, axustando o caudal de saída ao natural do río de modo compatible coa vida piscícola. Deste xeito, asegúranse as reservas do recurso, evitando

incrementar de modo artificial o fluxo de auga por enriba do que naturalmente discorrería polo río se non estiver regulado. Esta circunstancia, no momento en que se comunique ao explotador, será trasladada tamén á Dirección Xeral de Conservación da Natureza. A medida xa foi tomada no caso do encoro de Caldas, no que o caudal ecolóxico xa estaba moi por enriba do caudal natural do río e provocaba un descenso moi rápido do nivel de auga.

- **Intensificarase a atención sobre as redes de medición automática dos caudais dos ríos** (47 estacións automáticas de aforo en Galicia – Costa), así como a vixilancia da explotación dos encoros de abastecemento.
- **Comunicarase a situación de seca de modo oficial ás entidades subministradoras**, que son as que mellor coñecen as particularidades de cada sistema de abastecemento. Así, deberán tomar aquelas medidas preventivas prácticas relacionadas cos usos da auga nos seus sistemas de abastecemento que aseguren unha utilización prudente do recurso. Daráselles traslado tamén dos datos de aforos dos cursos de auga entrantes nos encoros, de modo que poidan tomar as decisións axeitadas na explotación destes para garantir o recurso.

### Medidas de información e concienciación cidadá

Xunto coas medidas que as distintas administracións poden poñer en marcha, unha das accións máis importantes corresponde aos consumidores. Augas de Galicia leva a cabo diversas campañas de sensibilización para concienciar os usuarios de que un uso responsable e consciente da auga por parte de cada galego, con pequenos xestos que de forma illada poden pasar desapercibidos, conseguen aforros de auga moi importante.

A Xunta realizará campañas informativas e propón un decálogo de boas prácticas no uso da auga tanto para usuarios domésticos como agrícolas.

DECÁLOGO DE BOAS PRÁCTICAS NO CONSUMO DA AUGA	
<b>Usuarios domésticos</b>	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Pechar a billa ao lavar os dentes, afeitarse ou lavar a louza. Este sinxelo xesto pode supoñer un aforro de 20 litros ao día. Unha billa bota cerca de 20 litros por minuto.</li><li>2. Pechar ben a billa unha vez usada. Unha gota de auga por segundo supón 30 litros ao día.</li><li>3. Utilizar o lavalouza e a lavadora cando estean a plena carga; así, o consumo será moito mais eficiente.</li><li>4. Arranxar as billas que pinguen. 10 gotas por minuto supón 170 litros de auga perdida ao mes.</li><li>5. Optar pola ducha sempre en lugar do baño. Encher a bañeira supón uns 150 litros de auga máis que os que se utilizan</li></ol>

	nunha ducha curta.
<b>Rega agrícola</b>	<ol style="list-style-type: none"><li>6. Nos regadíos, axustar o volume de auga ás necesidades reais de rego.</li><li>7. Atallar as perdas por sistemas obsoletos e deteriorados.</li><li>8. Respetar as franxas horarias óptimas paro o rego.</li><li>9. Habilitar infraestruturas de almacenamento.</li><li>10. Evitar o uso das traídas de abastecemento para o consumo do gando.</li></ol>

### **Plan de Protección Civil en situacións de seca**

Dadas as importantes consecuencias que pode implicar unha diminución importante das reservas de auga, existe un Plan ante situacións de seca que Protección Civil pode activar para coordinar a todas as administracións implicadas na subministración de auga potable e en garantir as súas condicións sanitarias.

Constituiríase en caso de activarse a Comisión Galega para situacións de seca en Galicia, da que formarían parte representantes de Protección Civil, das consellerías de Medio Rural, Economía e Industria, Sanidade, Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e Presidencia, ademais de Augas de Galicia e da Delegación do Goberno, da Fegamp e da Confederación Hidrográfica do Miño - Sil. A súa función sería facer un seguimento coordinado da situación, así como desenvolver as actuacións que sexan necesarias para a mellor aplicación e distribución de recursos posible.

En todo caso, a gravidade da situación graduaríase segundo os días de reserva do recurso en cada sistema de abastecemento. Cunha alerta de 1º grao cando as reservas fosen de 40 días, de 2º grao con reservas para 15 días e de 3º grao ou vermella con reservas para 5 días.

O obxecto último do Plan é garantir unha subministración adecuada para o consumo mentres dura a seca, en caso de fallo da subministración. Para esta situación extrema o plan recolle as seguintes actuacións:

- Proporcionar auga embotellada e mediante cisternas á poboación.
- Realizar obras de infraestrutura hidráulica de urxencia, que permitan dispor de auga para o abastecemento.
- Priorizar o uso de abastecemento no recurso hídrico.

O propio plan inclúe unha serie de medidas de coordinación institucional, que adoptarán as distintas administracións. As correspondentes a Augas de Galicia serían:

- 
- Considerar a posibilidade de reutilizar augas residuais para certos usos en zonas onde a escaseza de auga o aconselle.
  - Restrinxir os caudais saíntes nos encoros da Comunidade cando o nivel así o aconselle.
  - Realizar un seguimento dos datos sobre reservas de auga nos encoros da Comunidade, convocando de ser preciso as comisións de desaugamento co fin de determinar o uso das reservas.
  - Realizar aqueles actos necesarios para facilitar o abastecemento de augas públicas (outorgadas en concesión) e de calquera outro recurso sometido a outro tipo de propiedade, cando sexa necesario

---

## OS PROGRAMAS DE PREVENCIÓN E ASISTENCIA SANITARIA A DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS ADICIÓNS BENEFICIOU EN 2010 A CASE 2 MILLÓNS DE PERSOAS

- *Realizáronse un total de 43 proxectos distribuídos por 118 concellos, cubrindo unha poboación potencial do 69%*
- *Os concellos desenvolveron máis de 1.318 actividades de difusión e sensibilización, formativas, de lecer e tempo libre, ou edicións de materiais didácticos e divulgativos*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, informou esta mañá o Consello da Xunta sobre a execución dos convenios de colaboración para a realización de programas de prevención de drogodependencias e programas de asistencia sanitaria a drogodependencias no ano 2010.

Farjas Abadía destacou que acadouse unha execución ao redor do 94 % das cantidades subvencionadas.

O grao de cobertura nas actividades do programa de prevención chega a un total de 1.932.037 galegos, residentes en 118 concellos de Galicia. En total, executáronse 43 proxectos atendidos nun total de 118 concellos, cubrindo unha poboación potencial do 69% de toda a Comunidade Autónoma. A distribución, segundo as provincias é de 37 concellos da Coruña, 26 da provincia de Lugo, outros 27 concellos en Ourense, e 28 concellos en Pontevedra.

Os programas e actividades de prevención que son obxecto do convenio desenvolvéronse basicamente nos ámbitos escolar, familiar, xuvenil e laboral. Os concellos desenvolveron principalmente accións dirixidas a promover a adopción de estilos de vida saudables e de ocupación do tempo libre, así como incrementar a percepción de risco asociado ao consumo de drogas en especial no caso do alcohol, tabaco e o cannabis.

Os 43 proxectos presentados desenvolvéronse nun total de 497 programas e 1.318 actividades de difusión e sensibilización, actividades formativas (cursiños, obradoiros), de lecer e tempo libre, edicións de materiais didácticos e divulgativos (CD, revistas informativas, caderniños didácticos), entre outros.

---

AMBITO DE ACTUACIÓN	Nº PROGRAMAS	Nº ACTIVIDADES
Escolar	202	624
Comunitario	47	75
Familiar	96	225
Xuvenil	77	162
Laboral	14	17
Información-sensibilización- formación: Mediadores sociais e sanitarios	61	215
<b>TOTAL</b>	<b>497</b>	<b>1318</b>

### Axilización dos trámites

O pasado 28 de xuño de 2010 foi asinado o convenio de colaboración entre as Consellerías de Sanidade e de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a realización dos programas de prevención e asistencia sanitaria a drogodependencias e outras adicións.

A existencia do convenio favorece que as actividades se poidan realizar con máis axilidade, xa que os concellos contan co apoio decidido tanto por parte da FEGAMP coma da propia Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia cumpre cos compromisos adquiridos coa FEGAMP para a participación desta entidade nos programas de subvencións ás entidades locais de Galicia.

Pola súa banda, mediante este acordo a FEGAMP asumía a realización das actividades necesarias para que os concellos que desenvolveran as actividades ou que dispoñen de unidades asistenciais a drogodependentes xustificaran a realización destas.